

# AS OUTRAS IGREXAS GALEGAS

Por Carlos GARCÍA CORTÉS

Contamos cunha realidade que non pode ignorarse: a existencia e presenza de outros cristiáns e outras igrexas distintas da católica en Galiza. Especialmente despois do Vaticano II, expresións como *liberdade relixiosa*, *ecumenismo*, *irmáns separados* fixeron cobrar unha nova dimensión ao trato dos católicos con eses outros cristiáns. Por outra parte, unha discreta e constante celebración de actos públicos polos chamados «protestantes», apertura de locais de culto con títulos máis ou menos atractivos, labor de parexas polas ruas das vilas e aldeas nos derradeiros anos, van facendo tomar conciencia ás xentes do seu vivir entre nós. Isto contrasta ás veces coa actividade de certos grupos máis proselitistas, como os testigos de Xeová, identificados a nivel popular cos protestantes, con descontento das igrexas evanxélicas.

Para moitas persoas o feito pasa desapercibido, para outras é motivo de inqueda e medo, a algunhas plantéxalles interrogantes. Un cristián interesado na presente situación eclesial encontra a faltar ideas claras, datos certos sobor da realidade e significado que pode ter para os católicos a presenza deste «outros cristiáns», destas «outras Igrexas». Este artigo tenciona ser non só a satisfacción dunha lóxica curiosidade senón tamén unha interpretación histórica e ecle-siolóxica destas comunidades crentes en Xesucristo, un xuício do seu modo de vivir o Evanxelio, e unha indicación dos interrogantes que plantexan á mesma Igrexa católica, coa que comparten o labor pola implantación do Reino de Deus en Galiza.

## 1. Situación actual das Igrexas evanxélicas en Galiza

É moi difícil precisar o volume de protestantes galegos ou establecidos en Galiza: a máis de que bautistas e pentecostais só contan como comulgantes os membros maiores de 16 anos, habería que ter en conta os congregantes e simpatizantes. Por outra parte, as estadísticas non son ás veces moi de fiar e temos de acudir a aproximacións.

Tendo en conta os datos oficiais de 1961, que supoñen en España un total de 16.470 protestantes, eis a súa distribución por rexións: Cataluña 5.708, Galicia 2.242, Andalucía 2.215, etc. Pero nun estudo sociolóxico feito no 1967, J. Estruch considera os núcleos máis importantes da implantación protestante por este orden: catalán, levantino, andaluz, galego, etc., ocupando as provincias galegas os seguintes postos en número de comunidades: A Coruña o 3.º con 17, Pontevedra o 6.º con 11, Ourense